



FICHA DE CESIÓN DE PARCELAS AGRARIAS PARA APLICACIÓN DE PRODUTOS DO TRATAMENTO DE LODOS DE DEPURADORA (PTLD)

TITULAR DA EXPLOTACIÓN DE CEA

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

NOME DA EXPLOTACION DE CEA

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

SOCIO/COMUNEIRO DA EXPLOTACIÓN DE CEA

TITULARIDADE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

A PERSOA TITULAR DA EXPLOTACIÓN DECLARA

DECLARA que explota [1] os recintos SIXPAC que se relacionan no recadro que aparece máis abaixo e que, para aqueles que non son da súa propiedade, conta co consentimento [2] do seu propietario para facer a cesión obxecto desta ficha a favor do xestor , de DNI

CEDE, ao antedito xestor - e só a el -, os recintos relacionados abaixo para que aquel leve a cabo, sobre eles, unha repartición axeitada de produtos do tratamento de lodos de depuradora (PTLD), durante un período cuxas datas de comezo e remate determinará a Administración, unha vez esta teña avaliado a aptitude de cada recinto proposto para o desenvolvemento de tal actividade, e teña notificado ao xestor e ao asinante o resultado de tal avaliación.

Ademais, o asinante ASUME:

- que a duración do período de autorización do recinto será a que determine a Administración e, en calquera caso, nunca será superior a 10 anos, sendo, ademais, susceptible de verse truncado anticipadamente por iniciativa do asinante ou por detectar a Administración unha mala práctica na aplicación de PTLD por parte do xestor a quen lle está cedendo os recintos.
- que unha incorrecta aplicación de PTLD nos recintos que está a ceder ao xestor, ademais das medidas que a Administración poida tomar contra este último, pode implicar, para o propio asinante, reducións nas axudas PAC, indemnización compensatoria, axudas CES, de forestación de terras agrarias ou de reestruturación de viña, de considerarse tal incorrecta aplicación un incumprimento dos requisitos de condicionalidade.
- que non poden ser empregados para aplicación de lodos de depuradora, nin polo tanto cedidos ao xestor para tal fin, recintos que estean comprometidos nas liñas agroambientais “control integrado”, “producción integrada” e “agricultura/gandaría ecolóxica”.
- que, para os recintos comprometidos en calquera outra liña agroambiental, se ben non están suxeitos á antedita prohibición, si o están á limitación dunha achega anual máxima de 150 kg de nitróxeno total por hectárea. Se o asinante está a ceder ao xestor algún recinto comprometido nestas liñas, deberá anotar no seu caderno de explotación a achega nitróxenada que cada aplicación de PTLD implique e deberá, así mesmo, velar porque non se supere o antedito limiar de achegas anuais de nitróxeno total.
- o conxunto das obrigas que, para os titulares cedentes de parcelas para aplicación de PTLD, recolle o artigo 18 do Decreto 125/2012, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no sector agrario no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



IDENTIFICACIÓN RECINTO [3]	PROPIEDAD DO ASINANTE [SI/NON]	SUPERFICIE DO RECINTO	SUPERFICIE DO RECINTO CEDIDA Ó XESTOR (ha)	USO SIGPAC DO RECINTO	APROVEITAMENTO CULTIVO ACTUAL[4]

- [1] Considérase acreditado que corresponde ao asinante a explotación dun recinto concreto, se este figura na súa declaración de superficies da PAC ao menos coa superficie que nesta ficha está a ceder. Se non figurase ou ben o estivese na declaración doutra persoa, requirirase algún documento acreditativo de que o cedente posúe a propiedade ou o dereito de uso da parcela en cuestión.
- [2] As responsabilidades que poidan derivar do outorgamento da autorización para a aplicación de lodos nas parcelas sen coñecemento e consentimento do propietario corresponderán ao cedente dende o momento en que asina esta autorización.
- [3] Facer constar a referencia SIXPAC completa ata nivel de recinto (prov-conc-(zo)-pol-par-rec). Admitirase a identificación mediante as referencias contidas nas follas de atribucións de concentración parcelaria (das cales se achegará copia xunto coa presente ficha), sempre e cando non existan aínda referencias SIXPAC para os predios de substitución.
- [4] O aproveitamento/cultivo actual debe ser coincidente co aquel que figure na declaración de superficies da PAC do cedente e, en calquera caso, compatible co uso SIXPAC do recinto en cuestión.

SINATURA DA PERSOA TITULAR CEDENTE OU PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de